



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso para persoal delegado de protección de datos da Xunta de Galicia

CONVOCATORIA: Persoal delegado protección datos

GRUPO: Cursos TIC convenios AMTEGA

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	16
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 28/05/2026 - 09:00h ao 03/06/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar formación aos delegados de protección de datos persoais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais enunciadas no apartado a) do artigo 45 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral, e da Administración institucional e dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de que coñezan en profundidade os principais aspectos da protección de datos persoais no ámbito das administracións públicas.

DESTINATARIOS

Poderá participar na acción formativa convocada nesta resolución o persoal empregado público nomeado delegado de protección de datos (en diante DPD) ou cuxo nomeamento estea previsto a curto prazo, destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas no apartado a) do artigo 45 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral, na Administración institucional; así como o persoal empregado público que forme parte do equipo de apoio aos DPD nos ámbitos anteriormente indicados e outro persoal da Amtega con responsabilidades en materia de protección de datos.

Os empregados públicos destinatarios desta acción formativa deben atoparse en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e reunir os requisitos establecidos na convocatoria.

PROGRAMA

Este curso abordará os seguintes contidos:

- Novidades legislativas: omnibus dixital europeo (Protección de datos, IA; Cibersegurdade) e LOPDGDD.
- Novas versións Guías CCN-STC 800. Esquema Nacional de Seguridade.
- Riscos no tratamento de datos persoais en aplicación da IA.
- Ferramentas para a aplicación do Regulamento de Intelixencia Artificial: modelo para a avaliación de Impacto sobre os dereitos fundamentais no uso da IA (Autoridad Catalana de Protección de Datos - APDCAT) e protección de datos en Sistemas IA do sector público (Consello de Transparencia e Protección de Datos de Andalucía (CTPDA).
- Resolucións de interese das autoridades de control con respecto ao sector público.
 - 1ª sesión de telepresenza: martes 16 de xuño de 2026, das 9:30 ás 12:30 horas.
 - 2ª sesión de telepresenza: martes 10 de novembro de 2026, das 9:30 ás 12:30 horas.
 - 3ª sesión de telepresenza: martes 17 de novembro de 2026, das 9:30 ás 12:30 horas .
 - 4ª sesión de telepresenza: martes 24 de novembro de 2026, das 9:30 ás 12:30 horas .
 - 5ª sesión de telepresenza: martes 1 de decembro de 2026, das 9:30 ás 12:30 horas.

A proba de avaliación final será en liña, a través da aula virtual da EGAP, o mércores 09 de decembro de 2026, das

16.00 horas ás 17:00 horas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As persoas solicitantes serán seleccionadas de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1º Persoas nomeadas como delegados/as de protección de datos nas consellerías da Xunta de Galicia, en entidades dependentes, órganos estatutarios ou na Amtega. Inclúese tanto a persoa titular como a suplente.

2º Persoas que estea previsto sexan nomeadas como delegados/as de protección de datos nas consellerías da Xunta de Galicia, en entidades dependentes e órganos estatutarios, xa sexa como titular ou como suplente.

3º Persoas que formen parte do equipo de apoio ao DPD das consellerías, entidades dependentes, órganos estatutarios ou da Amtega.

4º Outro persoal da Amtega con responsabilidades en materia de protección de datos persoais.

Dentro de cada grupo, as persoas indicadas na base cuarta desta resolución serán ordenadas de acordo cos criterios selectivos que son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública de 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, de 23 de maio), corrección de erros (DOG núm. 130 de 10 de xullo 2023 e DOG núm. 148 de 4 de agosto de 2023).

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

1. Matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava, respectivamente, da convocatoria.

3. As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e, despois, seleccionar en «nome do curso»: Curso para persoal delegado de protección de datos da Xunta de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEPRESENZA

INICIO / FIN: 16/06/2026 a 01/12/2026

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 09/12/2026 ás 16:00h

DOCENTES NOMEADOS

PATRICIO MONREAL VILANOVA

José Antonio Aranda Almansa

Miranda Bausa Blasco

Laura Vico Gabarda

SANTIAGO CRUZ ROLDAN

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sesións de telepresenza: 16-xuño. 10, 17 e 24-novembro e 01-décembro.

Horario: das 9:30 ás 12:30 horas

Proba final en liña o 9 de decembro de 16:00 a 17:00 horas.